

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**3428** *Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español.*

O Regulamento (CE) n.º 479/2008, do Consello, do 29 de abril de 2008, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, se modifican os regulamentos (CE) n.º 1493/1999, (CE) n.º 1782/2003, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 3/2008, e se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 2392/86 e (CE) n.º 1493/1999, xunto co Regulamento (CE) n.º 555/2008, da Comisión, do 27 de xuño de 2008, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 479/2008, do Consello, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no relativo aos programas de apoio, o comercio con países terceiros, o potencial produtivo e os controis no sector vitivinícola, supuxeron importantes modificacións en materia de normas de regulación do mercado vitivinícola con relación ás establecidas na anterior normativa mediante o Regulamento (CE) n.º 1493/1999, do 17 de marzo, polo que se establecía a organización común do mercado vitivinícola.

A nova normativa comunitaria supuxo un cambio nas medidas de apoio ao sector vitivinícola, ao eliminar as tradicionais medidas de regulación e substituílas por un conxunto de medidas que cun carácter máis ambicioso pretenden mellorar a competitividade do sector vitivinícola comunitario.

Este real decreto recolle o conxunto de disposicións que desenvolven o programa de apoio do sector vitivinícola español para a aplicación do novo marco normativo no noso país co obxecto de contribuír á mellora da competitividade do sector vitivinícola español.

Neste real decreto regúlanse os aspectos relativos á promoción nos mercados de países terceiros, reestruturación e reconversión de viñas, destilación de subprodutos, destilación para uso de boca e destilación de crise.

A medida de promoción persegue fomentar o coñecemento das características e calidades dos viños españois, co fin de contribuír á mellora da súa posición competitiva e á consolidación ou, se for o caso, á apertura de novos mercados, en países terceiros.

Na xestión desta medida, e dentro do marco das súas competencias, participarán tanto o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño como as comunidades autónomas e, no seguimento e avaliación do desenvolvemento e execución desta, contarase, ademais, co asesoramento e orientación tanto das organizacións representativas do sector coma do Instituto de Comercio Exterior (ICEX).

Co fin de garantir a mellor xestión e rendibilidade dos fondos destinados a esta medida, é necesario encaixar a súa orientación e os seus obxectivos coas prioridades e estratexias das políticas comerciais e de promoción dos viños de calidade a nivel rexional, nacional e comunitario, en consecuencia, conseguir a coherencia e complementariedade das actuacións.

En materia de reestruturación e reconversión de viñas establecéronse os requisitos mínimos que deben ter os plans en canto ao número de partícipes, tamaño de parcelas e prazos para a finalización das medidas.

En canto á destilación de subprodutos, establecéronse as contías de axudas que se pagarán aos destiladores por aqueles subprodutos da vinificación que se entreguen á destilación, ao mesmo tempo que se estableceron os prazos e condicións que se deben cumprir para poder optar a esta axuda.

A axuda á destilación de uso de boca ten por finalidade adaptar o sector á desaparición dunha medida similar existente na anterior normativa. Neste real decreto fíxanse os

procedementos para optar á axuda por hectárea así como a súa contía e os demais requisitos que deben cumprir os beneficiarios desta axuda.

Por outro lado, considérase a posibilidade de que, cando as condicións de mercado así o determinen, se poida proceder á apertura dunha destilación de crise se as circunstancias o requiren, determinando con posterioridade as súas condicións en función da situación que orixinar a apertura da dita destilación.

A regulación básica contida nesta disposición efectúase mediante real decreto, dado que se trata dunha materia de carácter marcadamente técnico, intimamente ligada ao desenvolvemento da normativa comunitaria.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa das administracións públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros, na súa reunión do día 27 de febreiro de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable ás seguintes medidas recollidas no programa de apoio ao sector vitivinícola español presentado polo Estado español ante a Comisión Europea de conformidade co disposto no Regulamento (CE) n.º 479/2008, do Consello, do 29 de abril de 2008, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, se modifican os regulamentos (CE) n.º 1493/1999, (CE) n.º 1782/2003, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 3/2008 e se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 2392/1986 e (CE) n.º 1493/1999, e no Regulamento (CE) n.º 555/2008, da Comisión, do 27 de xuño de 2008, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 479/2008, do Consello, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no relativo aos programas de apoio, o comercio con países terceiros, o potencial produtivo e os controis no sector vitivinícola:

- a) Promoción en mercados de países terceiros.
- b) Reestruturación e reconversión de viñas.
- c) Eliminación de subprodutos.
- d) Destilación de alcohol para uso de boca.
- e) Destilación de crise.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos de aplicación deste real decreto, enténdese por:

- a) «Autoridade competente»: o órgano competente da comunidade autónoma para a tramitación, resolución e pagamento das axudas a que se refire este real decreto.
- b) «Destilador autorizado»: toda persoa física ou xurídica ou agrupación desas persoas que:
  - i) Destile viños, viños alcoholizados, subprodutos da vinificación ou de calquera outra transformación de uva, e
  - ii) Estea autorizada polas autoridades competentes para actuar no marco dos artigos 16, 17 e 18 do Regulamento (CE) n.º 479/2008, do Consello, do 29 de abril.
- c) «Titular do viñado»: é a persoa física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que ten os dereitos de plantación ou replantación sobre o cultivo, ben como consecuencia

dun dereito de propiedade ou ben porque teña atribuído un dereito de disposición sobre o cultivo.

d) «Propietario»: é a persoa física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que ten o título de propiedade sobre a parcela onde se atopa o viñedo.

e) «Viticultor» ou «cultivador»: é a persoa física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que obtén o produto anual da viña ben por ser o propietario ou ben por ter atribuído un dereito de uso sobre o viñedo situado no territorio nacional.

f) «Parcela de viñedo»: é a superficie continua de terreo na que un só viticultor cultiva a vide, cunha referencia alfanumérica única representada graficamente no sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, en diante SIXPAC.

g) «Produtor»: calquera persoa física ou xurídica, ou agrupación de tales persoas, que producen viño a partir de uva fresca, de mosto de uva, de mosto de uva parcialmente fermentado ou de viño novo en proceso de fermentación, obtidos por eles mesmos ou comprados, así como calquera persoa física ou xurídica, ou agrupación de tales persoas, que posúan subprodutos resultantes de calquera transformación de uva distinta da vinificación.

h) «Programa»: o conxunto de accións de promoción coherentes cuxo alcance sexa suficiente para contribuír a aumentar a información sobre os produtos en cuestión, así como a súa comercialización.

## CAPÍTULO II

### Medidas de apoio

#### *Sección 1.ª Promoción en mercados de países terceiros*

##### *Artigo 3. Ámbito de aplicación.*

Co fin de mellorar a competitividade dos viños españois, as medidas de información e de promoción en países terceiros dos produtos que se mencionan no artigo 6 poderanse financiar con cargo ao orzamento comunitario nas condicións previstas nesta sección.

##### *Artigo 4. Tipos de accións e duración dos programas.*

1. As medidas mencionadas no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 479/2008, do Consello, do 29 de abril, poderán incluír calquera das accións e actividades relacionadas no anexo I.

2. Estas accións deberanse levar a cabo preferentemente no marco dun programa de información e de promoción.

3. Os programas poderán ter unha duración máxima de tres anos por beneficiario e país.

##### *Artigo 5. Beneficiarios.*

1. Poderán presentar solicitudes para se acolleren ao financiamento das medidas de promoción en países terceiros:

- a) Empresas vinícolas.
- b) Organizacións de produtores e organizacións interprofesionais definidas no capítulo VII do título III do Regulamento (CE) n.º 479/2008, do Consello, do 29 de abril.
- c) Órganos de xestión e de representación das indicacións xeográficas vitivinícolas.
- d) Asociacións de exportadores e consorcios de exportación.
- e) Entidades asociativas sen ánimo de lucro participadas por empresas vitícolas que teñan entre os seus fins a promoción exterior dos viños.

2. Os beneficiarios deberán demostrar suficiente capacidade para afrontar as exixencias de comercio cos países terceiros e medios para asegurar que a medida se implementa o máis efectivamente posible. Deberán, así mesmo, garantir a dispoñibilidade, en cantidade e calidade, de produtos para asegurar a resposta fronte ás demandas que se poidan xerar como efecto da promoción realizada.

#### Artigo 6. *Produtos e países que poden ser obxecto de accións.*

1. Poderán ser obxecto das medidas de promoción os produtos de calidade, destinados ao consumo directo, detallados no anexo II, que contén con posibilidades de exportación ou de novas saídas comerciais en países terceiros e que pertencen a algunha das seguintes categorías:

- a) Viños con denominación de orixe protexida.
- b) Viños con indicación xeográfica protexida.
- c) Viños en que se indique a variedade de uva de vinificación.

2. O órgano colexiado previsto no artigo 19 poderá establecer prioridades respecto aos produtos e países.

#### Artigo 7. *Características das accións e programas.*

1. As accións e programas estarán claramente definidos e especificarán o país ou países a que se dirixen, os tipos de viños que inclúen, as medidas que se pretenden levar a cabo e os custos estimados de cada unha delas.

2. As accións distribuiranse en períodos de 12 meses, que comezarán o 1 de agosto.

3. As mensaxes basearanse nas calidades intrínsecas do produto e deberanse axustar á normativa aplicable nos países terceiros a que van destinados.

4. No caso dos viños que contén cunha indicación xeográfica, deberase especificar a orixe do produto como parte da campaña de información e promoción.

5. Sen prexuízo do disposto nos números 3 e 4, as referencias ás marcas, de ser o caso, poderán formar parte da mensaxe.

6. O órgano colexiado previsto no artigo 19, para favorecer a coherencia e eficacia da medida, poderá establecer anualmente directrices sobre as campañas de información e de promoción, que se regularán polo disposto nesta sección.

#### Artigo 8. *Presentación de solicitudes.*

1. Os interesados que reúnan as condicións previstas no artigo 5 presentarán as súas propostas de accións e programas e a documentación correspondente ante o órgano competente da comunidade autónoma en que estea situado o domicilio fiscal da súa empresa ou organización ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, como máis tarde o 31 de marzo de cada ano.

2. As accións e programas presentados deberán conter polo menos a información prevista no anexo III e:

- a) Cumprir o disposto nesta sección.
- b) Respetar a normativa comunitaria relativa aos produtos considerados e á súa comercialización.
- c) Estar o suficientemente desenvolvidos como para que se poida avaliar a súa conformidade coa normativa aplicable e a súa relación calidade/prezo.
- d) Especificarán os medios propios ou externos con que se contará para desenvolver as accións previstas.

## Artigo 9. *Tramitación das solicitudes.*

1. As comunidades autónomas examinarán as solicitudes en canto á súa conformidade con esta sección e, de ser o caso, as directrices elaboradas de acordo co previsto no artigo 7.

2. De acordo cos criterios establecidos no anexo IV, as comunidades autónomas elaborarán unha lista provisional cos programas seleccionados priorizados e remitirana ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño antes do un de maio, en formato electrónico, anexo V, dispoñible no web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. A esta xuntaráse a documentación dos programas seleccionados (copia do formulario e a ficha do anexo III).

En caso de empate, daráselles prioridade aos programas presentados por microempresas e pequenas e medianas empresas e ás marcas comerciais colectivas.

## Artigo 10. *Comisión Nacional de Selección de Programas.*

1. No seo da Mesa de Promoción Alimentaria, aprobada na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural do 19 de febreiro de 2007, e integrada por representantes do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e as comunidades autónomas, constituirase unha Comisión Nacional de Selección de Programas, que estará presidida polo director xeral de Industrias e Mercados Alimentarios e da cal formarán parte catro representantes do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, designados pola Secretaría Xeral de Medio Rural, e un representante por cada unha das comunidades autónomas que desexen integrarse.

Actuará como secretario, con voz e voto, un funcionario da Subdirección Xeral de Promoción Alimentaria, designado polo presidente.

Esta comisión será a responsable de elaborar a lista definitiva das accións e dos programas que se lle van propoñer á Conferencia Sectorial para a súa aprobación.

2. A lista definitiva elaborárase tendo en conta principalmente:

- a) A oportunidade e calidade dos programas e a súa conformidade coas directrices mencionadas no artigo 7 desta sección.
- b) O interese nacional e comunitario dos programas.
- c) A súa compatibilidade, coherencia e complementariedade coas medidas de promoción que se estean a desenvolver no ámbito nacional ou comunitario.
- d) O incremento previsible da demanda dos produtos considerados, derivado das medidas propostas.
- e) As garantías de que os axentes económicos participantes son eficaces e dispoñen da capacidade técnica necesaria.
- f) A relación calidade/prezo dos programas.
- g) A dispoñibilidade orzamentaria.

3. A Comisión poderá, segundo proceda, propoñer:

a) Se o gasto total previsto nas solicitudes tramitadas non excede o límite orzamentario asignado a esta medida:

- i) A aprobación de todas as solicitudes tramitadas.
- ii) A aprobación condicionada á aceptación de certas adaptacións nas accións, mensaxes ou orzamentos.

b) Se o gasto total previsto nas solicitudes tramitadas excede o límite orzamentario asignado a esta medida:

- i) A aprobación das solicitudes tramitadas ata o límite das dispoñibilidades orzamentarias.
- ii) A aprobación condicionada á aceptación de certas adaptacións nas accións, mensaxes ou orzamentos, ata o límite das dispoñibilidades orzamentarias.

*Artigo 11. Resolución.*

1. Unha vez aprobada pola Conferencia Sectorial a lista definitiva das accións e programas seleccionados e as condicións establecidas para estes, as comunidades autónomas resolverán as solicitudes e notificaránlles aos beneficiarios. O prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento será de seis meses contados a partir da data de publicación da orde de convocatoria de axudas.

2. No caso de resolución positiva, os beneficiarios comunicaranlle ao órgano competente da comunidade autónoma a aceptación da resolución nos termos establecidos así como a xustificación da constitución dunha garantía, de acordo coas condicións previstas no Regulamento (CEE) n.º 2220/1985, da Comisión, do 22 de xullo de 1985, polo que se establecen as modalidades comúns de aplicación do réxime de garantías para os produtos agrícolas, por un importe non inferior ao 15 por cento da contía anual do financiamento comunitario, co fin de asegurar a correcta execución do programa.

3. A exigencia principal, conforme o artigo 20 do Regulamento (CEE) n.º 2220/1985, da Comisión, do 22 de xullo, será a execución das accións obxecto da resolución favorable, que deberá alcanzar, cando menos, o cumprimento do 75 por cento do orzamento total.

4. No caso de se producir a desistencia por parte dalgún beneficiario cuxa solicitude for obxecto de resolución estimatoria, procederase a resolver favorablemente as solicitudes inmediatamente seguintes da lista definitiva, ata o límite das dispoñibilidades orzamentarias.

*Artigo 12. Modificación das accións e dos programas.*

1. Poderanse modificar produtos, actividades e custos das accións e programas cando sexa patente que se obterían mellores resultados coas modificacións propostas. Calquera destas modificacións debe ser obxecto dunha notificación ao órgano competente da comunidade autónoma nun prazo, polo menos, de 15 días anteriores á súa realización.

2. Calquera modificación orzamentaria que afecte máis do 15 por cento do orzamento previsto para cada actuación deberá ser autorizada polo organismo competente da comunidade autónoma.

3. En ningún caso se poderán modificar á alza os orzamentos aprobados para os programas.

4. As comunidades autónomas comunicaranlle ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, antes do 1 de xuño, as modificacións que se produciron ata o 1 de maio e que afecten as anualidades en curso.

5. As modificacións que afecten anualidades non comezadas deberán ser notificadas, antes do 1 de abril, ao órgano competente da comunidade autónoma para a súa aprobación, quen, pola súa vez, llas comunicará ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño antes do 1 de maio.

*Artigo 13. Financiamento.*

1. O financiamento comunitario das accións recollidas no número 1 do artigo 4 deste real decreto realizarase, de conformidade co artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola comunitaria.

2. A participación financeira da comunidade nos programas seleccionados non poderá superar o 50 por cento dos gastos subvencionables. Nos programas de dous ou tres anos de duración, este límite máximo considérase para cada ano de execución.

3. A achega económica dos beneficiarios poderá proceder de taxas e contribucións obrigatorias.

## Artigo 14. *Anticipos.*

1. O beneficiario poderalle presentar ao organismo competente da comunidade autónoma unha solicitude de anticipo que poderá chegar ao 80 por cento do importe da contribución comunitaria anual.

2. O pagamento dun anticipo supeditarase á constitución dunha garantía a favor do órgano competente da comunidade autónoma, por un importe igual ao 110 por cento do dito anticipo, de conformidade coas condicións establecidas no título III do Regulamento (CEE) n.º 2220/1985, da Comisión, do 22 de xullo.

## Artigo 15. *Pagamentos.*

1. Os beneficiarios poderán elixir entre a posibilidade de solicitar un único pagamento ou pagamentos intermedios da contribución comunitaria anual. As solicitudes referiranse ás accións realizadas e pagadas.

2. Todos os pagamentos se deben realizar a través dunha conta única dedicada en exclusiva para este fin.

3. As solicitudes de pagamentos intermedios deberanse presentar, ante o órgano competente da comunidade autónoma, antes de que conclúa o mes seguinte a aquel en que expire cada período de catro meses, a partir do 1 de agosto.

Os pagamentos intermedios e o pagamento do anticipo previsto no artigo 14 non poderán superar no seu conxunto o 80 por cento do total da contribución comunitaria.

4. Unha vez finalizadas as accións de cada anualidade, antes de que conclúa o mes seguinte, o beneficiario poderá solicitar o pagamento do saldo da axuda ante o órgano competente da súa comunidade autónoma.

5. A Comunidade Autónoma realizará os pagamentos nun prazo máximo de 45 días desde a recepción completa da solicitude de pagamento.

6. Para que se consideren admisibles, as solicitudes de pagamento irán acompañadas:

a) Dun informe resumo das actuacións desagregadas en actividades co correspondente importe orzamentario e o custo final de cada unha delas, e unha avaliación dos resultados obtidos que se poden verificar na data do informe.

b) Copias das facturas dos pagamentos realizados. En caso de accións cuxa execución se subcontratar a provedores de servizos, deberase achegar a factura do provedor final e a proba do pagamento efectivo.

c) Extracto bancario da conta mencionada no número 2 deste artigo en que se poida comprobar a realización dos pagamentos xustificadas mediante as facturas citadas na letra b) deste número.

7. O pagamento estará supeditado á presentación das contas auditadas e dos informes de control realizados por unha empresa de auditoría de recoñecido prestixio ou, no seu defecto, á verificación por parte da comunidade autónoma das facturas e dos documentos mencionados no número 5 deste artigo.

## Artigo 16. *Liberación de garantías.*

1. A garantía prevista no artigo 14 liberarase cando a comunidade autónoma recoñecer o dereito definitivo a percibir o importe anticipado.

2. A garantía prevista no artigo 11 deberá ter validez ata o momento do pagamento do saldo e liberarase cando a autoridade competente da comunidade autónoma acordar a súa cancelación.

## Artigo 17. *Controis.*

1. Os órganos competentes da comunidade autónoma realizarán un plan de control anual sobre a base dunha análise de riscos que incluírá, polo menos, o 20 por cento dos programas finalizados o ano anterior.

2. O control terá por obxectivo comprobar na contabilidade xeral:

- a) A exactitude da información facilitada coa solicitude de pagamento.
- b) A realidade e regularidade das facturas presentadas como xustificantes dos gastos.
- c) A exactitude do extracto bancario presentado.
- d) Que non se perciben as axudas recollidas no artigo 20, letra c), inciso iii), do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, ou do artigo 2, número 3, do Regulamento (CE) n.º 3/2008.

#### Artigo 18. *Comprobación do material.*

As comunidades autónomas comprobarán a conformidade do material de información e promoción elaborado no marco dos programas coa normativa comunitaria e a lexislación do país terceiro en que se desenvolva o programa.

#### Artigo 19. *Comité de Avaliación e Seguimento da Medida.*

1. No marco da Mesa de Promoción Alimentaria do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño constituirase un Comité de Avaliación e Seguimento da Medida de Promoción, en diante Comité, en que se integrarán catro representantes do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, designados pola Secretaría Xeral de Medio Rural, un representante por cada unha das comunidades autónomas que desexen integrarse, dous representantes do ICEX designados polo presidente do organismo e un representante do Observatorio Español do Mercado do Viño.

2. O Comité estará presidido polo director xeral de Industria e Mercados Alimentarios, que poderá delegar nun representante da dirección xeral con rango de subdirector xeral. Actuará como secretario un funcionario da Subdirección Xeral de Promoción Alimentaria, designado polo presidente, que actuará con voz pero sen voto.

3. As funcións do Comité serán:

- a) Elaboración da estratexia e directrices previstas no artigo 7.
- b) Seguimento da execución e avaliación das accións e programas.
- c) Proposta de accións e programas de interese xeral.

4. O Comité reunirse periodicamente en función das necesidades ou por petición dos seus membros. Para tal fin será informado, en relación con cada un dos programas, do calendario das accións previstas, dos informes das actividades realizadas e dos resultados dos controis practicados.

#### Artigo 20. *Informes.*

1. As comunidades autónomas elaborarán un informe anual do resultado dos programas e controis efectuados que se presentará antes do 1 de novembro ao Comité de Avaliación e Seguimento da Medida previsto no artigo 19.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño realizará anualmente un informe xeral dos programas acompañado, de ser o caso, de propostas de modificación da medida.

### *Sección 2.ª Reestruturación e reconversión de viñas*

#### Artigo 21. *Ámbito de aplicación.*

1. Os viticultores cuxos viñedos se destinen á produción de uva para vinificación poderanse acoller á axuda á reestruturación e reconversión de viñas, recollida no artigo 11 do capítulo I do título II do Regulamento (CE) n.º 479/2008, do Consello, do 29 de abril.

2. Non se poderán acoller a este réxime de axudas:

- a) A renovación normal das viñas que chegasen ao final do seu ciclo natural.
- b) As accións de reestruturación e reconversión de viñas que xa se beneficiasen destas axudas nos últimos 10 anos, para unha mesma superficie de viñedo.



c) A renovación das viñas que fosen plantadas en virtude dunha concesión de novas plantacións ata pasados 10 anos desa plantación.

d) Os viñedos daqueles titulares que contraveñan a normativa vixente en materia de plantacións de viñas, para calquera das superficies de viñedo da súa explotación.

#### Artigo 22. *Medidas subvencionables.*

1. Para os efectos desta sección, entenderase como medida o conxunto de accións tendentes a conseguir a reestruturación e reconversión dunha superficie de viñedo determinada.

2. O apoio para reestruturación e reconversión de viñas só se poderá conceder para unha ou varias das actividades seguintes:

- a) Reconversión varietal.
- b) Reimplantación de viñas.
- c) Mellora das técnicas de xestión de viñedos.

#### Artigo 23. *Prazo de execución da medida.*

O prazo de execución de cada medida será como máximo de 5 anos e en ningún caso a finalización da medida será posterior ao 31 de xullo de 2013.

#### Artigo 24. *Plans de reestruturación.*

1. O réxime de reestruturación e reconversión de viñas levarase a efecto a través dos plans de reestruturación e reconversión, que conterán as correspondentes medidas que se van realizar.

2. Os plans de reestruturación e reconversión de viñas terán un prazo de execución igual ou inferior aos 5 anos, sen que en ningún caso se estenda máis alá do exercicio financeiro 2013.

3. Os plans de reestruturación e reconversión de viñas serán colectivos. Non obstante, as comunidades autónomas poderán admitir plans individuais cando as súas circunstancias específicas así o aconsellen. O número mínimo de viticultores que poderán constituír un plan colectivo de reestruturación e reconversión de viñas será de 20. As comunidades autónomas poderán reducir o número mínimo de viticultores ata 5, naquelas zonas en que, polas súas especiais características, non se poida alcanzar o número citado para a realización dos plans colectivos.

4. Os plans colectivos de reestruturación e reconversión realizaranse no marco dun acordo suscrito entre os viticultores participantes.

#### Artigo 25. *Presentación dos plans de reestruturación e reconversión de viñas.*

1. Os viticultores que se queiran acoller a un plan de reestruturación e reconversión de viñas obxecto de financiamento comunitario deberán presentar a correspondente solicitude ante o órgano competente da comunidade autónoma en que estean situadas as superficies que se van reestruturar ou reconverter ou en calquera dos lugares previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, antes da data que determinará o citado órgano competente.

2. Os viticultores deberán achegar, xunto coa solicitude, o proxecto do plan, que deberá conter polo menos a seguinte información:

- a) Obxectivos perseguidos polo plan.
- b) Localización do plan e identificación.
- c) Identificación dos viticultores que o integran, se o plan é colectivo.
- d) Localización e características das parcelas, iniciais e reestruturadas (variedades, sistemas de formación, marco de plantación etc.), con achega da identificación dos recintos SIXPAC das parcelas que integran o plan.
- e) Dereitos de plantación que se inclúen no proxecto, especificando os dereitos de replantación de dentro ou de fóra da explotación.
- f) Estudo de custos e calendario de actuacións.

g) Nos casos en que o viticultor ou viticultores que realizan a solicitude non presentasen a solicitude única de axudas establecida no Real decreto 1612/2008, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e gandería, deberase achegar unha relación das referencias alfanuméricas SIXPAC de todas as parcelas agrícolas que forman parte da súa explotación, para os efectos do control da condicionalidade establecido no artigo 35. Se durante o período en que se deben cumprir os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais se producen cambios nas parcelas da explotación dun titular que recibise un pagamento á reestruturación e reconversión de viñas, este deberá actualizar a relación das parcelas da súa explotación antes do 30 abril.

Naqueles casos en que o viticultor non sexa o propietario da superficie nin titular das viñas que se queren reestruturar ou reconverter, necesitarase unha autorización do propietario e, se for o caso, do titular.

#### Artigo 26. *Requisitos dos plans.*

1. A superficie total reestruturada ou reconvertida no marco dun plan de reestruturación e reconversión de viñas deberá ser de, polo menos, 10 hectáreas para os plans colectivos e 0,5 hectáreas para os plans individuais. As comunidades autónomas poderán establecer superficies maiores.

Malia o disposto no parágrafo anterior, as comunidades autónomas poderán establecer límites inferiores sempre e cando o tamaño medio das parcelas de viñedo desa comunidade sexa inferior a 0,2 hectáreas e sexa un inconveniente para alcanzar os límites establecidos no dito parágrafo.

2. A parcela de viñedo, unha vez reestruturada ou reconvertida, terá que ser, polo menos, de 0,5 hectáreas. Non obstante, este límite poderá ser inferior se o número de parcelas tras a realización do plan de reestruturación e reconversión é inferior ao 80 por cento do número de parcelas iniciais, ou se o tamaño medio das parcelas de viñedo para unha comunidade autónoma é inferior a 0,1 hectáreas.

Nos casos en que a medida se limite a accións de reenxerto ou de cambio de sistema de condución, a superficie mínima será a inicial.

3. O límite máximo de superficie para reestruturar ou reconverter por viticultor e ano será de 25 hectáreas. Non obstante, as comunidades autónomas poderán reducir a superficie máxima para reestruturar ou reconverter por viticultor e ano.

4. As comunidades autónomas poderán autorizar a utilización de dereitos de replantación procedentes de fóra das explotacións ata un límite do 20 por cento da superficie afectada polo plan. Para estes efectos, non se computarán os dereitos de plantación achegados polos novos agricultores.

5. Será obrigatoria en todas as plantacións, salvo en Canarias, a utilización de portaenxertos certificados. Para percibir a axuda é necesaria a presentación da factura do viveirista.

#### Artigo 27. *Aprobación do plan.*

1. As comunidades autónomas realizarán unha aprobación dos plans que lles sexan presentados, sen que esa aprobación supoña ningún compromiso futuro de gasto por parte das administracións.

2. Unha vez coñecidas as dispoñibilidades financeiras para a reestruturación e reconversión de viñas acordadas na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural para cada exercicio orzamentario, as comunidades autónomas realizarán unha aprobación definitiva das medidas que se realizarán en cada exercicio financeiro.

No caso de que as demandas de reestruturación e reconversión sexan superiores ás dispoñibilidades financeiras, as comunidades autónomas terán en conta, entre outros, os criterios de prioridade enumerados no artigo 28.

## Artigo 28. *Criterios de prioridade.*

1. Na aprobación polas comunidades autónomas de plans de reestruturación e reconversión de viñas deberanse ter en conta os seguintes criterios de prioridade:

- a) Os plans colectivos serán prioritarios sobre os plans individuais.
- b) Terán prioridade aquelas superficies de viñedo que estean exentas da aplicación do réxime de abandono de viñedo establecido no capítulo IV do Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola.

2. Ademais dos criterios de prioridade establecidos no número anterior, as comunidades autónomas poderán establecer outras prioridades.

## Artigo 29. *Asignacións financeiras dos plans de reestruturación e reconversión.*

1. As comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, antes do 31 de xullo, a información relativa aos plans, así como as necesidades de financiamento para cada ano de acordo co anexo VII.

2. Unha vez coñecidas as disponibilidades financeiras para a reestruturación e reconversión de viñas de cada campaña, a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, tendo en conta a información remitida polas comunidades autónomas prevista no número anterior, fixará inicialmente o importe total da asignación financeira e a superficie global que poderá ser obxecto dos plans de reestruturación e reconversión en cada comunidade autónoma. Esta asignación realizarase tendo en conta, en todo caso, a superficie de viñedo e a necesidade de reestruturar determinadas viñas como consecuencia da non adecuación das súas producións ao mercado.

3. Antes do 31 de xullo de cada ano, as comunidades autónomas enviaranlle á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño:

- a) A declaración dos gastos realmente realizados no exercicio financeiro en curso, de acordo co anexo VIII.
- b) As previsións de gastos que se poidan realizar ata o 15 de outubro do exercicio financeiro, sempre que o gasto efectivamente realizado exceda o 95 por cento da asignación financeira para o exercicio en cuestión, de acordo co anexo IX.

4. No caso de que unha comunidade autónoma teña previsións de gastos por enriba das cantidades inicialmente asignadas, o exceso só se poderá atender se hai remanentes non utilizados noutras comunidades autónomas. Estes remanentes distribuiranse a pro rata entre as comunidades autónomas que presentasen exceso de previsións.

## Artigo 30. *Axudas.*

1. Poderanse conceder axudas para:

- a) Compensar os viticultores participantes no plan pola perda de ingresos derivada da súa aplicación.
- b) Participar nos custos da reestruturación e reconversión de viñas.

2. O importe das axudas á reestruturación e reconversión das viñas non poderá superar o 50 por cento dos importes mencionados no anexo VI para os plans colectivos e o 42,5 por cento para os plans individuais. No entanto, nas rexións correspondentes ao criterio de converxencia definido en virtude do Regulamento (CE) n.º 1083/2006, do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1260/1999, o importe das axudas non superará o 75 por cento dos importes definidos no anexo VI, no caso dos plans colectivos, e o 63,75 por cento no caso dos plans individuais.

As comunidades autónomas poderán dispoñer, para o seu ámbito territorial, a non subvención dalgunha das accións recollidas no anexo VI.

3. Non se financiarán os custos de arrinca naquelas superficies onde se utilicen dereitos de replantación non xerados na aplicación do plan de reestruturación.

4. As axudas á reestruturación e reconversión de viñas pagaránse unha vez que se comprobe a execución de cada medida e se axusten aos plans aprobados. Se o viticultor non executou a reestruturación e/ou reconversión en cando menos o 80 por cento da superficie para a cal solicitou a axuda, non terá dereito a esta. Así mesmo, non se pagará polas accións non realizadas. No caso de que un viticultor non execute as accións para as que solicitou a axuda, será considerado como infracción leve segundo o previsto no artigo 38.1.g) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, e será sancionado de conformidade co establecido no artigo 42.1 da citada lei.

5. Para determinar o importe da axuda a que ten dereito un viticultor pola reestruturación e reconversión dunha superficie de viñedo, as comunidades autónomas realizarán unha medición da parcela reestruturada seguindo o método proposto no artigo 34.

6. A compensación aos viticultores por perdas de ingresos concederáse durante dúas campañas. A compensación será do 25 por cento do valor medio da uva das tres últimas campañas da provincia onde se sitúen as parcelas obxecto de reestruturación ou reconversión. As comunidades autónomas poderán establecer que esta compensación adopte a forma de coexistencia de vides vellas e novas durante dúas campañas.

Malia o disposto no parágrafo anterior, non terán dereito á compensación por perda de ingresos aquelas superficies reestruturadas coa achega dun dereito de replantación non xerado da aplicación do plan de reestruturación.

Cando as accións que se leven a cabo sobre unha parcela de viñedo sexan a reconversión varietal ou substituír o sistema de condución, concederáse a compensación por perda de ingresos para esa superficie por unha campaña.

7. As superficies acollidas aos plans de reestruturación e reconversión de viñas de acordo con este real decreto deberán permanecer en cultivo un período mínimo de dez anos contados desde a campaña seguinte á da finalización da execución da medida. O seu incumprimento obrigará o beneficiario da axuda á devolución da axuda percibida máis os xuros legais contados desde o momento do pagamento da axuda, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.

No caso de que as superficies acollidas aos plans de reestruturación e reconversión fosen obxecto de transmisión, o adquirente quedará suxeito ao cumprimento da obriga sinalada no parágrafo anterior nos mesmos termos establecidos para o beneficiario, sempre que este o informase de que a superficie transmitida estaba acollida ás axudas.

8. Poderase autorizar a subrogación dos dereitos e obrigas derivados da axuda concedida cando se dean os seguintes requisitos:

- a) Que a totalidade das accións sexan executadas sobre a nova parcela.
- b) Que a parcela que se pretenda subrogar sexa das mesmas ou análogas características que a inicialmente considerada.
- c) No caso de lle autorizar a subrogación a un novo viticultor, este deberá asumir os compromisos adquiridos polo viticultor ao cal se lle concedeu a axuda polas parcelas subrogadas.

#### Artigo 31. *Anticipos.*

1. Malia o disposto no número 4 do artigo 30, os participantes nos plans poderán solicitar un anticipo polo 80 por cento da axuda cando cumplan as seguintes condicións:

a) Cando comezaren a execución da medida para a cal se solicita o anticipo. Para estes efectos considérase que comezou esa execución cando se realice a arrinca da plantación ou se achegue factura de compra da planta e o seu pagamento mediante xustificante bancario, ou se demostre ou verifique de xeito fidedigno calquera outra operación de carácter irreversible.

b) Cando constituíren unha garantía por un importe igual ao 120 por cento do anticipo da axuda.

2. Cando se concedan anticipos será obrigatorio executar a medida antes de que finalice a segunda campaña seguinte á concesión do anticipo. No caso de non executar a medida nos prazos establecidos, o viticultor reembolsará todo o anticipo que lle for concedido máis os xuros legais contados desde o momento do pagamento do anticipo, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.

O viticultor, para ter dereito á axuda, deberá ter executado o 80 por cento da superficie para a cal cobrou o anticipo. En caso de non alcanzar a porcentaxe establecida, reembolsará todo o anticipo que lle for concedido máis os xuros legais desde o momento do pagamento do anticipo, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.

3. Unha vez executada a reestruturación e reconversión da medida para a cal se concedeu o anticipo, as comunidades autónomas determinarán a axuda definitiva a que ten dereito o viticultor, para o cal as superficies reestruturadas ou reconvertidas serán medidas seguindo o método establecido no artigo 34 deste real decreto. No caso de o viticultor recibir un anticipo superior ao que ten dereito, reembolsará a diferenza entre o anticipo percibido e a axuda que lle corresponde, máis os xuros legais contados desde o momento do pagamento do anticipo, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.

Se a axuda a que ten dereito o viticultor é superior ao anticipo que lle foi concedido, terá dereito ao cobramento da diferenza, sen que en ningún caso a axuda total sexa superior á inicialmente solicitada.

4. O incumprimento da obriga de executar as accións para as que se concedese un anticipo será considerado como infracción leve segundo o previsto no artigo 38.1 g) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, e será sancionado de conformidade co establecido no artigo 42.1 da citada lei.

## Artigo 32. Comunicaci3ns.

1. As comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño antes do 15 de novembro de cada ano, e referido ao exercicio financeiro precedente, un informe anual dos controis que sobre o terreo se efectuaron en materia de reestruturación e reconversión de viñas e que conteña polo menos a información indicada no anexo X.

2. As comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño antes do 15 de novembro de cada ano, e referido ao exercicio financeiro precedente, un informe anual sobre a aplicación do réxime de reestruturación e reconversión de viñas que incluírá, polo menos, a superficie afectada, o orzamento gastado e as principais accións que se levasen a cabo.

## Artigo 33. *Plans presentados coa normativa anterior.*

As comunidades autónomas poderán autorizar a continuidade dos plans de reestruturación e reconversión de viñedo presentados no marco do Regulamento (CE) n.º 1493/1999, do Consello, do 17 de maio, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola.

## Artigo 34. *Medición de parcela reestruturada.*

Para a determinación da axuda a que ten dereito o viticultor terase en conta o método considerado no artigo 75 do Regulamento (CE) n.º 555/2008, da Comisión, do 27 de xuño.

## Artigo 35. Condicionalidade.

De se constatar que un beneficiario, en calquera momento ao longo dos tres anos seguintes ao pagamento da axuda recibida en virtude desta sección, non respectou na súa explotación os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais a que se refiren os artigos 3 ao 7 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de

axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican determinados regulamentos, o importe da axuda, en caso de que o incumprimento se deba a unha acción ou omisión imputable directamente ao beneficiario, reducirase ou cancelarse, parcial ou totalmente, dependendo da gravidade, alcance, persistencia e repetición do incumprimento, e o beneficiario deberá reintegrala, se procede, conforme o establecido nas citadas disposicións.

### Sección 3.ª *Eliminación de subproductos*

#### Artigo 36. *Ámbito de aplicación.*

1. Os produtores definidos na letra g) do artigo 2 están obrigados á eliminación dos subproductos obtidos na transformación. Non obstante, os produtores que, na campaña vitícola que se trate, non produzan máis de 25 hectolitros de viño ou mosto nas súas instalacións, non están obrigados a retirar os subproductos.

2. Poderase cumprir parcial ou totalmente coa obriga de eliminar os subproductos de vinificación ou de calquera outra transformación de uvas mediante a entrega dos subproductos para a destilación a un destilador autorizado, ou realizando unha retirada baixo control tal e como se establece no artigo 42. Non obstante a comunidade autónoma poderá establecer a obrigatoriedade de eliminar a totalidade dos subproductos producidos na súa rexión, mediante a destilación.

#### Artigo 37. *Requisitos dos subproductos entregados á destilación.*

1. O volume de alcohol contido nos subproductos destinados á destilación deberá ser:

a) O 10 por cento do volume de alcohol contido no viño producido obtido por vinificación directa da uva. As comunidades autónomas poderán reducir a porcentaxe do volume de alcohol contido nos subproductos ao 7 por cento para os viños brancos de calidade do seu ámbito territorial, sempre que se xustifique polo sistema de elaboración a imposibilidade de chegar ao 10 por cento e que o seu rendemento en viño non supere os límites establecidos polo Consello Regulador correspondente.

b) O 5 por cento do volume de alcohol contido no produto elaborado, para os elaboradores de viño a partir de mosto ou de viño novo en proceso de transformación.

2. De non se alcanzaren as porcentaxes fixadas no número 1, os produtores que procedesen á vinificación deberán entregar unha cantidade de viño da súa propia produción para chegar ás citadas porcentaxes.

3. Para determinar o volume de alcohol que deben ter os subproductos en relación co do viño producido aplicaranse os seguintes graos alcohólicos volumétricos naturais do viño nas diferentes zonas vitícolas, tal e como se establecen no Regulamento (CE) n.º 555/2008, da Comisión, do 27 de xuño:

- a) 9,0 por cento para a zona CI.
- b) 9,5 por cento para a zona CII.
- c) 10 por cento para a zona CIII.

4. O contido mínimo de alcohol puro dos subproductos da vinificación que vaian á destilación deberá ser o seguinte:

- a) Bagazo de uva: 2,8 litros de alcohol puro por cada 100 quilogramos.
- b) Borrás de viño: 4 litros de alcohol puro por cada 100 quilogramos.

5. As entregas dos subproductos deberanse realizar:

- a) A un destilador autorizado no caso dos bagazos e das borras.
- b) Entregando viño a un destilador autorizado ou a un fabricante de vinagre, segundo o número 2 do artigo 23 do Regulamento (CE) n.º 555/2008, da Comisión, do 27 de xuño. No caso de produtores que entreguen viño a unha fábrica de vinagre, a cantidade de

alcohol contida nos viños entregados deducirase da cantidade de alcohol que se deba entregar para cumprir coa obriga establecida.

*Artigo 38. Prazo de entrega á destilación.*

A data límite de entrega dos subprodutos a un destilador autorizado será o 15 de xuño de cada campaña.

*Artigo 39. Axuda á destilación de subprodutos.*

1. Concederase unha axuda aos destiladores autorizados que transformen os subprodutos obtidos en territorio nacional, entregados para a súa destilación en alcohol bruto cun grao alcohólico mínimo do 92 por cento vol.

2. As operacións de destilación deberanse finalizar como máis tarde o 15 de xullo da campaña vitícola de que se trate.

3. O importe da axuda que se lles vai pagar aos destiladores autorizados pola destilación dos subprodutos é o seguinte:

- a) 1,100 €/por cen vol./hl para alcohol bruto obtido a partir de bagazos; e
- b) 0,500 €/por cen vol./hl para alcohol bruto obtido a partir de viño e borras.

4. Como compensación aos gastos de transporte e recolla dos subprodutos, o destilador pagaralle ao produtor os seguintes importes cando este último demostre ter soportado os devanditos gastos:

- a) 0,571 €/por cen vol./hl polos bagazos entregados.
- b) 0,400 €/por cen vol./hl polo viño e borras entregados.

5. O alcohol obtido da destilación de subprodutos polo que se concedese unha axuda utilizarase exclusivamente con fins industriais ou enerxéticos co fin de evitar distorsións da libre competencia.

*Artigo 40. Lugar e prazo de presentación das solicitudes de axuda.*

1. Para obter a axuda, o destilador autorizado deberá presentar unha solicitude de axuda entre o 16 de outubro e o 20 de xullo de cada campaña polo alcohol obtido, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as instalacións de destilación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes presentaranse conforme un modelo que conteña polo menos os datos que figuran no anexo XI e conterán cando menos a seguinte documentación:

- a) Proba de destilación dos subprodutos.
- b) Relación das entregas de materias primas efectuadas polos produtores que deron orixe ao alcohol obtido.
- c) Proba do pagamento por parte do destilador ao produtor dos gastos de transporte, ou a renuncia deste a efectualo.
- d) Se é o caso, a xustificación do destino do alcohol obtido de acordo co indicado no artigo 60.

Se logo da verificación dos datos contidos nunha solicitude se comprobar a existencia de datos falsos, que en ningún caso se poidan considerar erros ou defectos emendables, a solicitude non se considerará admisible para recibir ningunha axuda por esta medida e será considerada como infracción grave segundo o previsto no artigo 39.1.d) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, daquela será sancionado cunha multa de conformidade co establecido no artigo 42.2 da citada lei.

Artigo 41. *Pagamento da axuda ao destilador.*

1. Non se aboará ningunha axuda polo volume de alcohol contido nos subprodutos que supere o 10 por cento da riqueza alcohólica do viño producido a nivel nacional.

2. O destilador autorizado poderá recibir un anticipo do 60 por cento da axuda polos volumes solicitados, sempre que xustifique:

a) Que efectuese o pagamento de cando menos a porcentaxe equivalente dos importes establecidos en concepto de transporte ao produtor, cando este o efectúe, ou presente a renuncia deste a efectualo.

b) Que o alcohol obtido da destilación polo que se solicita a axuda fose destinado a fins enerxéticos ou industriais, ou que este fose desnaturalizado, tal e como establece o artigo 60.

Non obstante, no caso de non dispor dos xustificantes indicados, exixírase a presentación dunha garantía igual ao importe do anticipo incrementado un 20 por cento.

Nos casos en que se aboan un anticipo con garantía, esta liberarase cando se dispoña dos xustificantes indicados anteriormente.

3. En cada campaña, e unha vez se coñezan as cantidades efectivamente entregadas á destilación polas que se solicita a axuda e a cantidade de viño producido, contrastarase o volume do alcohol polo que se solicita axuda contido nos produtos entregados coa riqueza alcohólica do viño producido a nivel nacional.

4. Cando a cantidade de alcohol pola que se solicite axuda nunha campaña determinada supere o 10 por cento da riqueza alcohólica citada no parágrafo anterior, reducirase a axuda en función da porcentaxe de rebordamento. O Fondo Español de Garantía Agraria fixará a porcentaxe de redución de forma que se garanta que o gasto orzamentario non exceda o que se alcanzaría de non se superar a cantidade máxima con dereito á axuda.

5. Unha vez establecida a contía definitiva da axuda, a autoridade competente procederá ao pagamento da axuda correspondente ou do saldo no caso de aboarse un anticipo, en calquera caso antes do 16 de outubro da campaña seguinte.

6. Antes de se efectuar este pagamento, deberase comprobar que o destilador autorizado lle realizou, se é o caso, o aboamento ao produtor da totalidade do gasto de transporte que lle corresponda, reducida, se corresponde, en idéntica proporción á minoración global da axuda establecida no número 4.

En caso de non xustificar o devandito aboamento, o destilador autorizado deberá devolver as cantidades anticipadas xunto cos xuros correspondentes ou executarase a garantía presentada pola dita contía.

7. Se no momento do pagamento do saldo da axuda o destilador non presentou o xustificante do destino do alcohol, deberase ampliar a garantía polo importe pendente de pagamento incrementado un 20 por cento.

8. En caso da non presentación da devandita ampliación de garantía, o destilador autorizado deberá devolver as cantidades anticipadas xunto cos xuros correspondentes ou executarase a garantía presentada pola dita contía.

9. En calquera caso, os xustificantes do destino do alcohol obtido deberán ser enviados polo destilador autorizado á autoridade competente antes do 31 de xaneiro da campaña seguinte. No caso contrario, o destilador autorizado deberá reintegrar as cantidades recibidas xunto cos xuros correspondentes ás partidas cuxo destino non se xustificar ou executarase a garantía presentada pola dita contía. A data indicada poderase ampliar cando a situación do mercado o exixa.

10. Malia o anterior, para o efecto de cálculo do alcohol que debe chegar a destino, deberanse ter en conta as porcentaxes de perda, de acordo co indicado no artigo 60.

Artigo 42. *Retiradas baixo control.*

1. Poderase utilizar un procedemento de retirada controlada para a eliminación de subprodutos, cando se lle comunique á autoridade competente que se vai optar por este sistema de eliminación, mediante a presentación dun proxecto detallado.



O proxecto citado deberá conter a referencia ao tipo de produto e unha descrición detallada do procedemento proposto para a retirada. Así mesmo, deberase achegar, cando a comunidade autónoma o considere necesario, a conformidade da autoridade ambiental sobre a procedencia desta retirada.

A operación de retirada controlada debe ser autorizada por parte da autoridade competente, que establecerá as súas condicións de realización, e deberalle ser notificada ao produtor.

2. A retirada das borras, en caso de non se enviar á destilación, poderase considerar efectuada cando estas se desnaturalizasen de forma que se imposibilite a súa utilización no proceso de vinificación e a súa entrega a terceiros se consignase nos rexistros correspondentes.

3. O contido mínimo de alcohol puro dos subprodutos que se retirarán será o indicado para os destinados á destilación no número 4 do artigo 37 desta sección.

#### Artigo 43. *Sancións.*

O incumprimento da entrega dos subprodutos á destilación ou da realización, no seu defecto, da retirada baixo control, será considerado como unha infracción leve segundo o disposto nas letras j) e k) do artigo 38 da Lei 24/2003, do 10 de xullo, e será sancionado de conformidade co artigo 42 da citada lei.

#### *Sección 4.ª Destilación de alcohol para uso de boca*

#### Artigo 44. *Ámbito de aplicación.*

Os viticultores cuxos viñedos se destinen á produción de uva para vinificación poderán solicitar a axuda á destilación de alcohol para uso de boca recollida no artigo 17 do capítulo I do título II do Regulamento (CE) n.º 479/2008, do Consello, do 29 de abril, nas campañas vitícolas 2008/2009 e 2009/2010.

#### Artigo 45. *Requisitos de admisibilidade.*

1. Os viticultores que queiran solicitar a axuda regulada nesta sección deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter entregado uva, directa ou indirectamente, na campaña vitícola para a cal se solicita a axuda, a un produtor que cumpra os requisitos recollidos no número 2 deste artigo.

b) Ter presentado a declaración de colleita de acordo co Regulamento (CE) n.º 1282/2001, da Comisión, do 28 de xuño de 2001, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1493/1999, do Consello, no que respecta á recompilación de información para o coñecemento dos produtos e o seguimento do mercado no sector vitivinícola, e que modifica o Regulamento (CE) n.º 1623/2000, para a campaña en que solicite a axuda ou, de ser o caso, a declaración de orixe e destino da produción de uva establecida no Real decreto 373/2003, do 28 de marzo.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando o viticultor non realizar a declaración de colleita por non estar obrigado en virtude da lexislación vixente, terase en conta a declaración de produción da adega ou cooperativa á cal entregase a súa produción de acordo co número 3 do artigo 1 do Real decreto 1227/2001, do 8 de novembro, sobre declaracións de existencias, colleita de uva e produción do sector vitivinícola.

c) Cumprir a normativa vixente en materia de plantacións de viñas para calquera das superficies de viñedo da explotación.

2. O produtor ao cal se lle entrega a uva deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter presentado a declaración de produción á cal se refire o Real decreto 1227/2001, do 8 de novembro, e ter asinado un contrato autorizado de destilación cun destilador autorizado en virtude do artigo 29 do Regulamento (CE) n.º 1493/1999, do Consello, do 17 de maio, para as campañas vitícolas 2005/2006 e/ou 2006/2007.

b) Presentar a declaración de produción recollida no número 3 do artigo 1 do Real decreto 1227/2001, do 8 de novembro, e asinar polo menos un contrato de destilación de viño para alcohol de uso de boca cun destilador autorizado para a campaña en que se solicita a axuda.

c) Presentar, non máis tarde do 15 de xaneiro, copia asinada polas partes do contrato, ou dos contratos de destilación a que fai referencia o número anterior ante a autoridade competente. A información mínima que deberán conter os contratos será:

- i) A identificación das partes contratantes.
- ii) A cantidade de viño, en hectolitros, que se debe entregar para a destilación.
- iii) A obriga do destilador de aceptar e destilar as cantidades entregadas en virtude do contrato.
- iv) O prezo de compravenda do viño.
- v) O prazo de pagamento.

d) Entregar á destilación na campaña na cal se solicita a axuda, as cantidades de viño previstas no artigo 49.

#### Artigo 46. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. Os viticultores que queiran solicitar a axuda á destilación de alcohol para uso de boca presentarán a solicitude entre o 1 de decembro e o 31 de xaneiro de cada campaña, ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se sitúe o produtor de viño ao cal se realizaron as entregas de uva, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de decembro.

2. As solicitudes deberán conter polo menos os datos que figuran no anexo XII.

Se tras a verificación dos datos contidos nunha solicitude se comprobase a existencia de datos falsos, que en ningún caso se poidan considerar erros ou defectos emendables, a solicitude non se considerará admisible para recibir calquera axuda por esta medida, e será considerado como infracción grave segundo o previsto no artigo 39.1.d) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, daquela será sancionado cunha multa de conformidade co establecido no artigo 42.2 da citada lei.

#### Artigo 47. *Axuda á destilación de alcohol para uso de boca.*

A axuda prevista nesta sección pagarase en forma de axuda por hectárea e calcularase segundo o establecido na letra A do anexo XIII.

#### Artigo 48. Determinación da superficie con dereito a axuda por viticultor.

1. A superficie nacional con dereito a axuda será a establecida na letra B do anexo XIII.

2. A superficie establecida na letra B do anexo XIII distribuirase entre os produtores que cumpran o requisito establecido na letra a) do número 2 do artigo 45, en función do volume medio autorizado de viño a ese produtor para a súa transformación en alcohol para uso de boca durante as campañas vitícolas 2005/2006 e 2006/2007, considerando o volume medio total autorizado de viño para España nesas campañas determinado na letra C do anexo XIII.

A autoridade competente asignará a superficie con dereito a axuda correspondente a cada produtor entre aqueles viticultores que, téndolle entregado uva e solicitado a axuda, cumpran os requisitos establecidos no número 1 do artigo 45, proporcionalmente ás entregas de uva declaradas para a campaña en que solicita a axuda.

No entanto, cando o rendemento do viticultor por solicitude supere os 80 hl/ha en equivalentes de viño calculados a partir de quintas métricas de uva entregada multiplicadas por 0,74, corrixiranse as cantidades entregadas de uva tomando como máximo a produción equivalente a un rendemento de 80 hl/ha.

3. A superficie que reciba a axuda deberá figurar a nome do viticultor solicitante no Rexistro Vitícola, ou que este acredite ter dereito de uso daquela ao comezo da campaña.

*Artigo 49. Entrega á destilación e pagamento da axuda.*

1. A cantidade a que se refire a letra d) do número 2 do artigo 45 será o 90 por cento do volume medio de viño de mesa autorizado para a destilación de uso de boca nas campañas vitícolas 2005/2006 e 2006/2007.

O volume entregado a esta destilación non poderá superar a cantidade resultante de sumar as existencias de calquera tipo de viño ao final da campaña anterior máis o viño que conste na declaración de produción da campaña en curso.

Non obstante, en casos excepcionais debidamente xustificados, logo de informe do Comité de Seguimento descrito no artigo 51, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá adaptar as cantidades recollidas no parágrafo anterior.

2. A axuda prevista no artigo 47 deste real decreto pagarase como máis tarde nos sete meses seguintes á súa resolución e, en todo caso, antes do 16 de outubro seguinte á data de presentación da solicitude, e unha vez se comprobouse o cumprimento do estipulado nos números anteriores.

*Artigo 50. Períodos de contratación, entrega e destilación.*

1. O período de contratación entre produtores de viño e destilarias establécese entre o 1 de setembro e o 15 de xaneiro de cada campaña.

2. Os volumes obxecto de cada contrato deberanse entregar á destilaría ata o 30 de xuño de cada campaña.

3. O viño entregado á destilaría deberá ser destilado como máis tarde o 31 de xullo.

*Artigo 51. Comité de Seguimento.*

1. Créase o Comité de Seguimento do Mercado do Alcohol para Uso de Boca adscrito á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, que terá carácter consultivo e que propondrá as actuacións necesarias para promover o correcto funcionamento do mercado de alcohol para uso de boca.

2. O Comité de Seguimento do Mercado do Alcohol para Uso de Boca estará presidido polo director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros e terá a seguinte composición:

a) Dous representantes da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, designados polo seu titular, con rango polo menos de xefe de servizo.

b) Un representante de cada unha das comunidades autónomas que desexen integrarse.

c) Tres representantes do sector elaborador de viño designados polas asociacións de ámbito estatal máis representativas do sector.

d) Dous representantes do sector destilador designados polas asociacións de ámbito estatal máis representativas do sector.

e) Tres representantes das organizacións profesionais agrarias de ámbito estatal, designados polas máis representativas.

f) Actuará como secretario un funcionario da Subdirección Xeral de Froitas e Hortalizas, Aceite de Oliva e Vitivinicultura designado polo presidente, que actuará con voz pero sen voto.

3. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, por petición xustificada do Comité de Seguimento e considerando os volumes contratados, poderá adaptar as condicións de entrega e o calendario de contratación en función da situación do mercado.

## Sección 5.ª Destilación de crise

### Artigo 52. *Ámbito de aplicación.*

En situacións de excepcional desequilibrio do mercado causado por excedentes importantes ou por problemas de calidade, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa participación das comunidades autónomas, poderá decidir a apertura e conceder axudas para unha destilación de crise voluntaria ou obrigatoria, nunha parte ou na totalidade do territorio nacional, para unha ou varias categorías de viño, baseándose en criterios obxectivos e non discriminatorios.

### Artigo 53. *Modalidade da axuda.*

1. A axuda a esta destilación aboaráselles aos destiladores autorizados que transformen viño en alcohol bruto cun grao alcohólico mínimo do 92 por cento vol.

2. A axuda estará supeditada ao pagamento dun prezo mínimo que se lles pagará aos produtores de viño por parte dos destiladores, que será fixado polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, tendo en conta o establecido no número 2 do artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 479/2008, do Consello, do 29 de abril.

3. Esta axuda poderase establecer por rexión produtora e categoría de viño e non poderá superar en ningún caso o prezo do mercado da rexión produtora para a categoría de viño correspondente.

### Artigo 54. Destino do alcohol.

O alcohol obtido da destilación de viño á cal se concedese a axuda utilizarase exclusivamente con fins industriais ou enerxéticos co fin de evitar distorsións da libre competencia.

### Artigo 55. *Pagamento da axuda ao destilador.*

1. O pagamento da axuda efectuarase unha vez que o destilador lle xustifique o pagamento en concepto de prezo mínimo ao produtor e demostre que o destino final do alcohol foi o uso industrial ou enerxético nos termos que establece o artigo 60.

2. Poderase conceder un anticipo do 80 por cento da axuda sempre que o beneficiario presente unha garantía do 120 por cento do importe do anticipo.

### Artigo 56. *Prazos.*

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coas comunidades autónomas afectadas, fixará os prazos e as condicións de entrega necesarias para levar a cabo esta destilación.

## CAPÍTULO III

### **Autorizacións, control e pagamento das axudas**

### Artigo 57. *Autorización de destiladores.*

1. Os destiladores a que aluden as seccións terceira, cuarta e quinta deste real decreto deberán estar autorizados polo órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio estean radicadas as instalacións de destilación, para actuar no marco dos artigos 16, 17 e 18 do Regulamento (CE) n.º 479/2008, do Consello, do 29 de abril.

Os destiladores establecidos noutros estados membros da Unión Europea tamén poderán ser beneficiarios das axudas para a destilación dos subprodutos entregados por produtores españois, sempre que sexan autorizados polo Fondo Español de Garantía

Agraria, mediante un protocolo de colaboración ou calquera outra forma acordada coas autoridades competentes do Estado membro en cuestión.

2. As autorizacións terán validez mentres non se retiren expresamente, ou non renuncie o destilador. Malia o anterior, os destiladores deberanlle comunicar á autoridade competente, antes do inicio de cada campaña vitícola, a súa intención de prorrogar ou suspender a súa colaboración na campaña, así como declarar que cumpriron satisfactoriamente os requisitos establecidos na normativa comunitaria durante a campaña anterior.

En caso de solicitar esta prórroga, a autoridade competente procederá a confirmar a autorización, comunicándolles esta circunstancia aos interesados.

3. O destilador que sufra algunha variación en relación ás condicións en virtude das cales se lle concedeu a autorización deberallo comunicar de forma inmediata á autoridade competente.

4. As comunidades autónomas remitirán ao Fondo Español de Garantía Agraria, antes do 1 de setembro de cada campaña, a relación dos destiladores autorizados que colaboran con este réxime de axuda, con indicación do enderezo onde se sitúen as súas instalacións.

#### Artigo 58. *Controis.*

1. As actuacións de control serán realizadas conforme o establecido na normativa comunitaria aplicable e neste real decreto.

2. As comunidades autónomas articularán as medidas de control necesarias para garantir o cumprimento das actuacións previstas nun plan xeral de control que deberá establecer o Fondo Español de Garantía Agraria, en colaboración con estas.

3. Como complemento ao plan xeral de control que se estableza, as autoridades competentes poderán desenvolver cantas actuacións de control consideren precisas.

4. Para aquelas axudas relacionadas coa superficie, os controis administrativos e sobre o terreo estableceranse tendo en conta os principios xerais do sistema integrado de xestión e control previstos no título II, capítulo 4 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

#### Artigo 59. *Pagamento.*

O outorgamento e pagamento ou denegación das axudas a que se refire este real decreto correspóndelle á autoridade competente da comunidade autónoma onde se presente a axuda.

As axudas reguladas neste real decreto financiaranse con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía. Para a medida de destilación de crise establecida no artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 479/2008, do Consello, do 29 de abril, poderase dispoñer de fondos nacionais nos termos establecidos nos artigos 18.5 e 119 do citado regulamento.

#### Artigo 60. *Xustificación do destino do alcohol obtido.*

1. O alcohol que resulte da destilación á cal se concedeu axuda en virtude do establecido nas seccións 3.<sup>a</sup> e 5.<sup>a</sup> deberase utilizar unicamente con fins industriais ou enerxéticos, co fin de evitar distorsións á libre competencia.

O destilador autorizado debe presentar, como xustificante deste destino, ante a autoridade competente e no prazo de 10 días desde que finalice a saída de cada lote, un certificado de saídas diarias do alcohol, que mencione, polo menos, a cantidade e o grao volumétrico do alcohol que saíu e a identificación do produtor; así como unha copia dos documentos de acompañamento que amparan a circulación dos produtos obxecto de impostos especiais de fabricación, co selo do destinatario que acepta o produto e o compromiso escrito do destinatario de utilizar o devandito alcohol exclusivamente con estes fins.

2. De acordo co disposto no número anterior, na xustificación do destino do alcohol que resulte da destilación á cal se concedese axuda admitiranse as seguintes porcentaxes de perda:

a) 0,50 por cento das cantidades de alcohol almacenadas por trimestre de almacenamento como perda de alcohol debida á evaporación.

b) 0,50 por cento das cantidades de alcohol retiradas dos almacéns como perda de alcohol debida a un ou a varios transportes terrestres.

3. Poderase considerar que o alcohol obtido tivo un uso industrial ou enerxético, se este foi desnaturalizado, de acordo co establecido no Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos impostos especiais, cun produto que impida a súa utilización para usos distintos ao industrial ou enerxético.

En calquera caso, a autoridade competente deberá solicitar do destilador autorizado información sobre o destino final deste alcohol desnaturalizado.

#### Artigo 61. *Pagamentos indebidos e sancións.*

1. No caso de pagamentos indebidos, o beneficiario deberá reembolsar os seus importes máis os xuros correspondentes ao tempo transcorrido entre a notificación da obriga de reembolso e o reembolso ou a dedución efectiva. O tipo de xuro que se vai aplicar será o de demora establecido na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. O incumprimento do disposto neste real decreto será sancionado, logo de instrución de procedemento sancionador, segundo o disposto nos artigos 37 ao 45 de Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, e nos artigos 52 ao 69 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Artigo 62. *Compatibilidade das axudas.*

Non se financiarán cos fondos do programa nacional de apoio as medidas que están recollidas nos programas de desenvolvemento rural ao abeiro do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural e ás accións de información e de promoción de produtos agrícolas no mercado interior e en países terceiros recollidas no número 3 do artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 3/2008, do Consello, do 17 de decembro de 2007.

En ningún caso estas axudas poderán ser acumuladas ou completadas con outras axudas nacionais ou das comunidades autónomas dedicadas á mesma finalidade.

#### Disposición adicional única. *Destilación de alcohol para uso de boca na campaña 2008/2009.*

Para a campaña 2008/2009 o prazo de presentación das solicitudes polos viticultores, contido no número 1 do artigo 46, e o período de contratación entre produtores e destiladores, establecido no número 1 do artigo 50, finalizará no prazo máximo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste real decreto.

#### Disposición transitoria primeira. *Prazos de presentación de programas de promoción en mercados de países terceiros en 2009.*

No prazo máximo de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste real decreto, os interesados poderán presentar as propostas de programas ás comunidades autónomas.

As comunidades autónomas deberanlle remitir ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño os programas seleccionados segundo o procedemento establecido no artigo 9, no prazo de 30 días hábiles desde o final do prazo establecido no parágrafo anterior.

Poderanse aceptar as accións levadas a cabo desde o día 1 de xaneiro de 2009.

Disposición transitoria segunda. *Autorización de destiladores durante a campaña 2008/2009.*

Transitoriamente para a campaña 2008/2009 considéranse destiladores autorizados aqueles que xa tiñan autorización na campaña 2007/2008 para destilar de acordo co establecido nos artigos 27, 29 e 30 do Regulamento (CE) n.º 1493/1999, do Consello, do 17 de maio. En calquera caso, solicitarase o compromiso para actuar de acordo coa nova normativa.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. Adicionalmente, a sección 1.<sup>a</sup> do capítulo II dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar os anexos deste real decreto de acordo coas modificacións da normativa comunitaria, así como para modificar as datas e prazos contidos nesta disposición.

Disposición derradeira terceira. *Deber de información.*

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e as comunidades autónomas intercambiarán, preferentemente por vía electrónica, a información necesaria para facilitar o seguimento das disposicións consideradas neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

## ANEXO I

## Accións e actividades de promoción

Accións	Actividades
Relacións públicas e medidas de promoción e publicidade que destaquen en particular as vantaxes dos produtos comunitarios en termos de calidade, seguraza alimentaria e respecto ao ambiente.	Misións comerciais. Campañas publicitarias de natureza diversa (TV, radio, prensa, eventos etc.). Promocións en puntos de venda. Portais web para promoción exterior. Misións inversas. Oficinas de información. Gabinete de prensa. Presentacións de produto.
Participación en manifestacións, feiras e exposicións de importancia internacional.	Feiras e exposicións internacionais etc., sectoriais ou xerais, profesionais e de consumidores.
Campañas de información, en particular sobre os sistemas comunitarios de denominacións de orixe, indicacións xeográficas e producións ecolóxicas.	Encontros empresariais, profesionais, líderes de opinión e consumidores. Xornadas, seminarios, catas, degustacións etc.
Estudos de novos mercados, necesarios para a busca de novas saídas comerciais.	Estudos e informes de mercado.
Avaliación dos resultados das medidas de promoción e información.	Estudos de avaliación de resultados das medidas de promoción. Auditorías de execución de medidas e gastos das accións.

## ANEXO II

## Lista de produtos

Os produtos mencionados no artigo 6 son os seguintes:

1. Viño.
2. Viño de licor.
3. Viño espumoso.
4. Viño espumoso de calidade.
5. Viño espumoso aromático de calidade.
6. Viño de agulla.
7. Viño de agulla gasificado.
8. Viño de uvas pasificadas.
9. Viño de uvas sobremaduras.
10. Viños procedentes da produción ecolóxica.



## ANEXO III

## Formulario

1	DENOMINACIÓN
2	ORGANIZACIÓN ou empresa PROPOÑENTE
2.1	Presentación <i>Nome, enderezo, enderezo de correo electrónico, teléfono, fax, persoa de contacto responsable da coordinación do programa.</i>
2.2	Características da organización ou empresa proponentes. Representatividade, importancia no sector.
2.3	Acreditación da capacidade financeira e experiencia.
3	DESCRIPCIÓN DOS MEDIOS PARA A EXECUCIÓN DA ACCIÓN OU PROGRAMA
3.1	Descrición <i>Nome, enderezo, enderezo de correo electrónico, teléfono, fax e persoa de contacto. De se seleccionaren varios organismos de execución, indíquense as actuacións que aplicarán cada un deles.</i>
3.2	Xustificación da competencia técnica e da capacidade para executar o programa Especificación das competencias técnicas (persoal e medios) e financeiras.
4	IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN OU PROGRAMA
4.1	Produto
4.2	Tipo de programa: información/promoción/mixto
4.3	Mercado(s) destinatario(s)
4.4	Duración
4.5	12-24-36 meses Trátase da continuación dun programa anterior pola mesma organización proponente?
5	DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN OU PROGRAMA
5.1	Accións
5.2	Descrición de cada actividade Xustificación do orzamento previsto para cada actividade Orzamento Cadro recapitulativo por país destinatario, actividade e ano.  A presentación do orzamento débese ater á mesma estrutura e á mesma orde que a descrición das actividades. Véxase modelo adxunto.
6	REPERCUSIÓN PREVISIBLE <i>Especifíquese e cuantifíquese a repercusión previsible en termos de resultados. Especifíquese como se medirán os resultados ou repercusións.</i>
7	INTERESE NACIONAL E DIMENSIÓN EUROPEA DO PROGRAMA
8	PLAN DE FINANCIAMENTO <i>Véxase o cadro modelo adxunto.</i>
9	OUTROS DATOS PERTINENTES

## *Anexos obrigatorios*

Anexo I. Compromiso da organización ou empresa propoñentes de garantir o seu financiamento para toda a duración do programa.

Anexo II. Declaración da organización ou empresa propoñentes de que o programa non recibe ningunha outra axuda económica da UE.

Anexo III. Ficha de identificación do programa (adxunta a este formulario).

### FICHA

#### I. IDENTIFICACIÓN DO PROGRAMA:

Comunidade Autónoma:

N.º e título do programa ou acción:

Organización ou empresa propoñente:

Responsable da execución das accións

Tipo de medida: información/promoción/mixta

Produto(s):

Mercado(s) destinatario(s):

Duración:

Orzamento total:

Proposta recibida o:

#### II. DESCRICIÓN DA ACCIÓN OU PROGRAMA:

Obxectivo(s):

1.

2.

...

Estratexia: (máximo media páxina)

Destinatarios:

1.

2.

...

Aspectos cubertos:

- seguranza alimentaria
- calidade
- métodos de produción específica
- etiquetaxe
- respecto do ambiente
- imaxe dos produtos comunitarios
- indicacións xeográficas ou indicacións tradicionais reservadas aos viños ou ás bebidas espirituosas

- produtos ecolóxicos

- aspectos culturais

Mensaxes que se desexa transmitir:

1.

2.

...

Actuacións por países, incluído o seu alcance/volume e calendario previsto:

1.

2.

...

Repercusión previsible e método (s) de avaliación:

## III. ORZAMENTO

-ORZAMENTO RECAPITULATIVO: €

Actuación	Exercicio I	Exercicio II	Exercicio III	Total
1.				
2.				
3.				
TOTAL				

- Plan de FINANCIAMENTO: €

Cofinanciamento	Exercicio I	%	Exercicio II	%	Exercicio III	%	Total	%
UE		50		50		50		50
PROPOÑENTE		50		50		50		50
TOTAL		100		100		100		100

## ANEXO IV

## Criterios de avaliación

	Puntuación máxima
1. Interese xeral do programa:	
a) Repercusión do programa . . . . .	5 puntos
b) Representatividade do proponente . . . . .	5 puntos
1. Subtotal . . . . .	10 puntos
2. Calidade e eficacia do programa:	
a) Coherencia entre os obxectivos, as mensaxes, as accións e as canles de información . .	5 puntos
b) Alcance e cobertura das accións do programa en termos de duración e grupos destinatarios (impactos previstos) . . . . .	5 puntos
c) Presentación e calidade das mensaxes (creatividade) e a súa adaptación ao mercado de destino . . . . .	5 puntos
d) Relación calidade/prezo . . . . .	5 puntos
e) Método para medir a repercusión . . . . .	5 puntos
2. Subtotal . . . . .	25 puntos
3. Solvencia técnica do proponente:	
a) Implantación internacional e experiencia exportadora xeral . . . . .	10 puntos
b) Experiencia en programas de promoción exterior . . . . .	10 puntos
c) Estrutura e capacidade técnica para a execución do programa . . . . .	10 puntos
3. Subtotal . . . . .	30 puntos
4. Capacidade de resposta comercial:	
a) Disponibilidade de distribución no mercado de destino . . . . .	5 puntos
b) Porcentaxe de exportación sobre o total de vendas . . . . .	10 puntos
c) Amplitude e diversificación da carteira de produtos . . . . .	10 puntos
4. Subtotal . . . . .	25 puntos
5. Interese para a comunidade autónoma:	
Criterio para decidir por cada comunidade autónoma . . . . .	10 puntos
5. Subtotal . . . . .	10 puntos
Valoración total xeral	100 puntos
* Notas aos criterios de valoración propostos:	

- 1) Interese xeral do programa: para valoraren as entidades competentes:
  - a) Importancia do programa para a situación do mercado ou as necesidades do sector.
  - b) Representatividade do propoñente: en función da importancia da empresa ou do colectivo na zona vitivinícola a que representa e, de ser o caso, noutras zonas.
- 2) Calidade e eficacia do programa:
  - a) Coherencia técnica e económica entre os obxectivos, as mensaxes, as accións e as canles de información.
  - b) Alcance e cobertura das accións do programa en termos de duración e grupos destinatarios (contactos previstos).
  - c) Presentación e calidade das mensaxes (creatividade) e a súa adaptación ao mercado de destino: valorarase a capacidade estimada da mensaxe para conseguir o efecto desexado no mercado de destino e tomando en consideración o obxectivo en destino para o cal están previstos.
  - d) Relación calidade/prezo: valorarase de 0 a 5 puntos en función da repercusión estimada polo propoñente en termos de impactos ou incremento previsible das súas vendas, en relación co custo da acción proposta.
  - e) Método para medir a repercusión.
- 3) Solvencia do propoñente:
  - a) Implantación internacional e experiencia exportadora xeral: valoraranse de 0 a 10 os anos de experiencia exportadora do propoñente, en proporción directa (0 puntos para quen non teña nada de experiencia exportadora, 5 puntos para quen leve exportando 5 anos e 10 puntos para quen leve exportando 10 anos ou máis).
  - b) Experiencia en programas de promoción exterior: valoraranse de 0 a 10 os anos de experiencia en programas de promoción internacional do propoñente, tanto con recursos propios como con subvencións, en proporción directa: 0 puntos para quen non teña nada de experiencia en promoción exterior, 5 puntos para quen leve con programas 5 anos e 10 puntos para quen leve 10 anos ou máis.
  - c) Estrutura e capacidade técnica para a execución do programa: valorarase de 0 a 10 puntos, en función:
    - i) Da existencia ou non e, de ser o caso, o tamaño e experiencia do departamento de comercio exterior da entidade;
    - ii) Da existencia ou non e, de ser o caso, o tamaño e experiencia do departamento de mercadotecnia na entidade propoñente;
    - iii) Dos medios dispoñibles no país de destino da promoción, xa sexan propios (recursos e experiencia) xa alleos (experiencia e relación coa axencia contratada).
- 4) Capacidade de resposta comercial:
  - a) Dispoñibilidade de distribución no mercado de destino.
  - b) Porcentaxe de exportación sobre o total das vendas: valorarase en función 1 a 2 da proporción (5% de exportación = 10% dos puntos = 0,5 puntos; 10 puntos para quen exporte 50% ou máis). Para programas colectivos valorarase a media de exportacións globais sobre o total de vendas dos integrantes do colectivo e valorarase conforme o mencionado anteriormente.
  - c) Amplitude e diversificación da carteira de produtos do propoñente: valoraranse dous aspectos complementarios:
    - i) Valoración de volume para posible resposta: máis puntos a maior volume de comercialización.
    - ii) Valoración de diversidade de tipos de viño e zonas xeográficas en que está presente: maior puntuación a maior diversidade e abano de produtos (por dar maior posibilidade de resposta de comercial).
- 5) Interese para a CC.AA.: para valorar a CA.

## ANEXO V

**Lista provisional de programas de promoción do viño en países terceiros  
seleccionados pola comunidade autónoma**

Comunidade Autónoma:

Total programas presentados:

Total orzamento programas presentados:

Total programas seleccionados:

Total orzamento programas seleccionados:

Puntuación programas seleccionados:

Nº programa	Orzamento	Subtotal 1		Subtotal 2					Subtotal 3			Subtotal 4			Subtotal 5	Total puntos
		a)	b)	a)	b)	c)	d)	e)	a)	b)	c)	a)	b)	c)		
Total programas	Total orzamento															

## ANEXO VI

**Custos de reestruturación e reconversión de viñas**

Operación	€/hectárea
Arrinca .....	421
Preparación do solo .....	962
Plantación:	
Planta e plantación (u.) * .....	2,07
Outros custos .....	240
Custos de cultivo (dous anos) .....	1.052
Espaller .....	3.500
Cambio de vaso a espaller ou a outro sistema de conducción .....	3.649
Estacada .....	4.958
Parras ou similares .....	15.000
Sistemas conducción Canarias .....	9.746
Desinfección .....	2.104
Eliminación de pedras .....	391
Nivelación do terreo .....	601
Socalcos .....	18.752
Socalcos con muras de pedra en pendentes maiores do 30% .....	30.000
Reposición terra e picón .....	5.050
Muros de pedra cortaventos .....	10.000
Elevador .....	110**
Protección de plantas novas .....	1.202
Sobreenxerto:	
Enxerto (u.) * .....	0,60
Outros custos .....	1.202

\*Custos referidos a cada planta.

\*\*€/ml.

## ANEXO VII

## Reestruturación e reconversión de viñas

Previsións de gastos para o exercicio orzamentario<sup>1</sup>: 20..

Comunidade Autónoma:			Campaña: Data de comunicación:		
Plan	Reestruturación		Compensación por perda de ingresos		Importe total (€)
	Superficie (ha)	Importe (€)	Superficie (ha)	Importe (€)	
Total					

## ANEXO VIII

## Gastos de reconversión e reestruturación no 31 de xullo

## REESTRUTURACIÓN E RECONVERSIÓN DE VIÑAS

Gastos realizados no 31 de xullo

Comunidade Autónoma:			Campaña: Data de comunicación:		
Plan	Reestruturación		Compensación por perda de ingresos		Importe total (€)
	Superficie (ha)	Importe (€)	Superficie (ha)	Importe (€)	
Total					

## ANEXO IX

## Previsións de gasto de reestruturación e reconversión ata o 15 de outubro

## REESTRUTURACIÓN E RECONVERSIÓN DE VIÑAS

Previsións de gastos ata o 15 de outubro

Comunidade Autónoma:			Campaña: Data de comunicación:		
Plan	Reestruturación		Compensación por perda de ingresos		Importe total (€)
	Superficie (ha)	Importe (€)	Superficie (ha)	Importe (€)	
Total					

<sup>1</sup> Completar un cadro por cada exercicio orzamentario.

## ANEXO X

## Informe anual dos controis sobre o terreo efectuados en materia de reestruturación e reconversión de viñas de acordo co artigo 32

Comunidade Autónoma:

Exercicio financeiro:

Data de comunicación:

Número total de operacións de reestruturación e reconversión aprobadas	Operacións de reestruturación afectadas por unha arrinca previa *		Controis antes da arrinca**				Controis tras a reestruturación/ reconversión		Superficie finalmente admitida tras o control (ha)	Superficie non admitida tras o control (ha)	Primas solicitadas rexeitadas (EUR)	Sancións***
	Número	Superficie afectada por unha arrinca previa (ha)	Administrativos	Sobre o terreo	Número de produtores controlado	Superficie controlada (ha)	Número de produtores controlado	Superficie controlada (ha)				
Número de solicitudes	Superficie (ha)		Número de produtores controlado	Superficie controlada (ha)	Número de produtores controlado	Superficie controlada (ha)	Número de produtores controlado	Superficie controlada (ha)				
Total												

\* Parcialmente incluído nas columnas 2 e 3.

\*\* Cando proceda.

\*\*\* Cando proceda.

Prazo para a comunicación: antes do 15 de outubro de cada ano.





## ANEXO XII

## SOLICITUDE DE AXUDA Á DESTILACIÓN DE ALCOHOL PARA USO DE BOCA

(Artº 17 do Regulamento (CE) 479/2008, do Consello

VITICULTOR	RAZÓN SOCIAL		
	PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO
	NOME		NIF: TELÉFONO
	DOMICILIO		
	MUNICIPIO		PROVINCIA CP
REPRE- SENTANTE	PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO
	NOME		NIF:

## PARCELAS DECLARADAS

PROVINCIA	MUNICIPIO	PARCELA DECLARADA SIXPAC						
		Mun.	Agr.	Zona	Polígono	Parcela	Recinto	Superf.
								TOTAL SUPERFICIE (ha)

## PRODUTORES DE VIÑO AOS CALES ENTREGOU A UVA

RAZÓN SOCIAL: PRIMEIRO APELIDO: _____ SEGUNDO APELIDO: _____ NOME: _____ NIF: _____ PROVINCIA: _____
RAZÓN SOCIAL: PRIMEIRO APELIDO: _____ SEGUNDO APELIDO: _____ NOME _____ NIF: _____ PROVINCIA: _____

Solicito a axuda pola superficie que me corresponda en función das miñas declaracións de colleita e de orixe e destino e da superficie declarada nesta solicitude.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_\_\_

O VITICULTOR

--

## ANEXO XIII

### Axuda á destilación de alcohol de uso de boca

A. A axuda por hectárea á destilación de alcohol de uso de boca establecida na sección 4ª deste real decreto será de 700 euros para aqueles viticultores que subministraron uva a un produtor que realizou unha entrega á destilación do 90 por cento, tal como se establece no artigo 49 número 1 deste real decreto.

B. A superficie nacional con dereito a axuda para a destilación de alcohol de uso de boca establécese en 176.060 ha.

C. O volume medio de viño autorizado a nivel nacional para destilación de alcohol de uso de boca durante as campañas vitícolas 2005/2006 e 2006/2007 é de 6.803.497,5 hl.